



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# REUNIÓN

Dirección - Comité (22/09/11)

Na Reunión do día de hoxe, entre os puntos tratados destacar os seguintes:

**Parada produtiva:** A Dirección comeza informando que, para o mes de Outubro, non está previsto ningún día de paro para ningún Sistema. Para a Quenda de Noite a presenza vai ser de 5h 36m.

En canto ó tratamento destes días de paro pola falla de parafusos, para co colectivo da plantilla, ***a postura da Dirección, para non crear un agravio comparativo, é a seguinte: Os Eventuais non se lles pagarán estes días; Os Xubilados Parciais se lles alongará a data de remate; Para os que teñan días de Bolsa descontaráselles e para os que teñan esgotado este mecanismo, os días irán a conta do noso Desemprego (ERE).***

Na C.I.G., tal e como manifestamos dende o primeiro día, seguimos defendendo que ante un incidente de falla de pezas, a Dirección, non pode facer un uso indebido da Bolsa de Horas, ferramenta esta que foi creada para uns fins específicos, así como da vulneración dos motivos que xustificaron a aplicación do Expediente de Regulación de Emprego. De aí que na C.I.G., déramos os pasos preceptivos, tanto ante o Comité de Empresa, formalizando o correspondente escrito ó Presidente deste órgano máximo de Representación Legal dos Traballadores, así como ás correspondentes Autoridades Laborais (Inspección de Traballo e Consellería de Traballo).

Dende a C.I.G., estando ante unha situación tan particular, preguntámonos *¿por qué a Dirección non solicitou a consulta preceptiva do Comité de Empresa, como órgano Colexiado, para o tratamento destes días?, ¿cal foi o grao de afectación destes días de parada entre Técnicos e Administrativos e Persoal Horario?, ¿realmente a Dirección usou os recursos que ten ó seu alcance no Grupo, para evitar tantos días de paro?, se somos a Planta referente no Grupo ¿como se pode entender que Fábricas Francesas non se viran afectadas tantos días?*

Ó noso entender, quen debera asumir toda a responsabilidade é a Empresa provedora (AGRATI) instalada en Francia ó igual que se lle esixen ós provedores que temos na Galiza. Non esquezamos que ós Galegos, no caso de paralizar o noso proceso produtivo, ben por problemas lóxicos ou por temas laborais, estes son penalizados cunha contía económica moi importante. Na C.I.G., queremos pensar que non existe un trato diferenciado entre fabricantes de parafusos, pero de nos ser así ***¿porqué, neste caso, temos que ser os traballadores/as os que teñamos que asumir o 100% das consecuencias, cos seus correspondentes custes económicos e sociais?***

Para a C.I.G., por unha falla de pezas non se nos pode castigar, estes 6 días, descontándose nos, do Desemprego (ERE); dos días traballados (Bolsa de Horas); das nóminas (Eventuais) ou alongándose a vida laboral (Xubilados Parciais) que xa deberían condonarlle o descanto como ocorre no Metal, ***por iso, a C.I.G., tentará recorrer ás instancias que correspondan na defensa dos intereses dos traballadores/as que, ó noso entender, están sendo vulnerados.***

Por último unha reflexión que é compartida na Sociedade. ***¿Cómo é posible que esta Planta, que chegou a estar ó 130% da súa capacidade, non tivera nese tempo as paradas graves de produción que temos nos ultimamente?***

# *Dirixindo por decreto*

*Quenda Variable no Sistema II:* Sendo esta medida unha modificación das condicións laborais, tal e como xa todos/as coñecedes, é preceptivo, ó noso entender, a apertura dun período de consultas entre ámbalas partes, tal e como se fixo no Acordo Marco Laboral para o ano 2009,- non aplicado- de aí que o pasado día 7 de Setembro, a Dirección, formalizara oficialmente a correspondente apertura do mesmo.

Nesta Segunda reunión, e despois de vir asistindo a implantación de novas medidas e normas sen contar en ningún momento coa participación dos Representantes dos Traballadores, a C.I.G., no momento en que a Dirección comeza a tratar este punto da "VARIABILIDADE", *vímonos na obriga de abandonar a reunión, por estar, ó noso entender, ante unha nova falla de respecto, cando menos, para coas persoas que decidiron depositar a súa confianza na C.I. G.*

*Non é de recibo que, sen que finalizásemos a discusión do tratamento desta medida, desde hai días a Dirección, veña comunicándolles ós traballadores/as dos diferentes Talleres afectados deste Sistema as súas novas condicións que implican cambios de módulo ou de quenda sen ningún tipo de reparo e criterio.*

*Se a Dirección pretende levar a cabo a mobilidade entre Quendas e Sistemas, ó redor de 155 traballadores/as, tanto con Contrato a Tempo Completo como a Tempo Parcial, debera escoitar, cando menos, á Representación Legal dos Traballadores (Art. 41 E.T.)*

Todos/as coñecedes as alternativas propostas pola C.I.G.;; *Equilibrado entre Liñas do Sistema I e o Sistema II, ou como medida paliativa baixar a cadencia no Sistema II. É dicir, evitar "dúas fabricas nunha planta".* A nosa proposta pode ser compartida ou non, pero con independencia das posicións que teñamos uns e outros, a Dirección debe respectar as formas, máxime cando se van mudar as condicións laborais dun colectivo de traballadores/as (*confirmación do calendario no mes anterior, distribución irregular das paradas establecidas, modificación do horario no mesmo día, posible absorción do tempo de bocadillo... etc.*). En fin, tal e como di o Documento "Funcionamiento similar al turno de noche".

## **Confederación Intersindical Galega**

Avda. Citroén, 3, 5, C.P. 36210 Teléfono/Fax: 986.215.833 Web: [cigcitroen.com](http://cigcitroen.com) Email: [automcion@cigcitroen.com](mailto:automcion@cigcitroen.com)